



Circular 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.

O Estado español, ao igual que o resto dos países membros da Unión Europea, adquiriu un compromiso serio cos obxectivos da Estratexia de Lisboa que, no ano 2000, abriu un proceso de iniciativas comúns co fin de mellorar os resultados educativos, no que se definiron os obxectivos europeos para o 2010. A pretensión última é: *“converter a Europa na economía baseada no coñecemento, máis competitiva e dinámica do mundo, capaz de crecer economicamente de maneira sostible con máis e mellores empregos e con máis cohesión social”* (Consello Europeo de Lisboa ano 2000).

Nos anos seguintes definíronse tres obxectivos estratéxicos a acadar no 2010 e á súa vez foron concretados en obxectivos específicos que cobren os distintos tipos e niveis educativos (Consello Europeo de Estocolmo ano 2001). Deste xeito, os puntos fundamentais – incluíndo os de referencia españois- son os seguintes:

- a. Diminuír a porcentaxe de persoas de 18 a 24 anos que completou a educación secundaria obrigatoria e non segue ningún estudo de formación.
- b. Mellorar o rendemento do alumnado nas competencias clave: comprensión lectora, linguas estranxeiras e matemáticas.
- c. Incrementar a porcentaxe de alumnado titulado en educación secundaria postobrigatoria nas idades de 20 a 24 anos.
- d. Acrecentar a taxa de persoas graduadas en ciencias, matemáticas e tecnoloxía por cada 10000 habitantes entre 20 e 29 anos e diminuír o desequilibrio entre homes e mulleres.
- e. Incrementar a porcentaxe de persoas adultas que recibe formación permanente.
- f. Incrementar a taxa de escolarización en educación infantil.
- g. Incrementar a taxa de alumnado titulado en educación secundaria obrigatoria.



- h. Incrementar a taxa bruta de homes graduados en educación secundaria postobrigatoria.
- i. Elevar a porcentaxe de persoas graduadas en formación profesional de grao superior.

Aínda que estes puntos parecen ser competencia, en gran medida, só das ensinanzas de adultos, nada máis lonxe da realidade, porque chegar a ser adulto require tempo, formación e a consecución duns obxectivos educativos que se inician co nacemento, se non antes. A consecución destas metas vai ser unha das tarefas fundamentais que terán que emprender o Estado, as Administracións educativas e en xeral todos os membros da comunidade educativa, facendo especial fincapé na función orientadora.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación, que establece o novo marco no que se van desenvolver todas as accións educativas, incluída, por suposto o labor orientador, recolle, no seu Preámbulo e entre os seus principios básicos o logro de:

- a. Educación de calidade para todo o alumnado.
- b. Equidade na educación que garanta a igualdade de oportunidades.
- c. Esfuerzo compartido por todas as persoas que compoñen a comunidade educativa.

Do mesmo xeito, no seu TÍTULO II, **Equidade da Educación**, remarca a especial atención que, dentro da escolaridade obrigatoria, han de ter as medidas de atención á diversidade para, por medio da prevención das dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica dos apoios e reforzos oportunos en tempo e forma, lograr o marco dunha escola inclusiva que acuda, segundo sexa necesario, ás medidas organizativas e/ou curriculares precisas para asegurar o principio de equidade, sen prexuízo de garantir unha educación de calidade para todo o alumnado. Desta maneira, a atención á diversidade deixa de ser unha medida que responde ás necesidades dunha parte do alumnado para pasar a ser unha necesidade de todo o alumnado e de todas as etapas educativas, converténdose, polo tanto, no principio reitor desta actividade.

Un aspecto novidoso que deberá ser tido en conta por toda a comunidade educativa é o cambio de enfoque -o centro de atención deixa de ser a ensinanza para ser a aprendizaxe- que supón a incorporación das competencias básicas, é dicir, do concepto de que hai unha bagaxe



formativa indispensable para unha participación satisfactoria na sociedade ao longo da vida; unha bagaxe que non se adquire dunha vez para sempre, senón que pode, co tempo, enriquecerse ou perderse, ou ben variar o seu estatus polos cambios producidos no contorno.

A LOE inclúe tamén, como un dos seus fins primordiais, o pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades afectivas do alumnado, a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres, o recoñecemento da diversidade afectivo-sexual, así como a valoración crítica das desigualdades que permita superar os comportamentos sexistas.

Tamén ten un lugar relevante a transmisión dos valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza que son, entre outros, os que constitúen a base da vida en común dentro dos principios democráticos de convivencia, prevención de conflitos e resolución pacífica dos mesmos.

Unificando todos estes principios e buscando que se convertan nunha realidade, destácase a importancia de concibir a formación como un proceso permanente que se desenvolve durante toda a vida; polo tanto é imprescindible incrementar a flexibilidade para permitir o tránsito da formación ao traballo e viceversa.

Dentro deste marco, o Decreto 120/1998 do 23 de abril (DOG do 27), polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 24 de xullo (DOG do 31) que o desenvolve, xunto coas correspondentes circulares anuais, regulan e dan coherencia á organización e funcións dos servizos de orientación na nosa comunidade.

De acordo co disposto no artigo 12º da Orde do 24 de xullo de 1998 e ao abeiro da disposición derradeira primeira da citada Orde, co propósito de garantir a unificación dos criterios que regulan o desenvolvemento das actuacións dos servizos de orientación nas ensinanzas escolares da Comunidade Autónoma de Galicia, estas direccións xerais ditan, para o curso 2007-2008, as seguintes instrucións:

Primeira.- As instrucións recollidas nesta circular serán de aplicación ata finalizar o período de implantación da LOE. Agás novidades significativas non se remitirá unha nova circular anual.



Segunda.- Novidades nos Departamentos de Orientación.- A atención ao alumnado con necesidades educativas específicas e a detección temperá das dificultades, a atención á diversidade do alumnado de centros públicos, entre outros motivos, levou a Consellería á sinatura, xunto coas organizacións sindicais con presenza na mesa sectorial docente non universitaria, do preacordo sobre os catálogos dos postos de traballo dos centros de educación infantil e primaria, ampliando as prazas de orientación educativa, de pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe.

O preacordo establece as seguintes categorías de postos que se farán efectivos na súa totalidade con data 1 de setembro de 2009.

<i>Centros- Unidades</i>	<i>DO (1)</i>	<i>OC (2)</i>	<i>Outros</i>
≤ 5 unidades			Sen orientador, adscritos a un centro base.
Entre 6 e 11 unidades		Departamento orientación compartido	
≥ 12 unidades	Departamento orientación		

(1) A persoa que exerce a xefatura do departamento de orientación nun centro de 12 ou máis unidades contemplará no seu plan de orientación os posibles **centros adscritos**.

(2) A persoa que exerce a xefatura do departamento de orientación en centros entre 6 e 11 unidades realizará o seu traballo en dous ou máis centros, xa que ningún deles acadaría as suficientes unidades para ter un posto de traballo catalogado. Aínda tendo un centro base (aquele ao que pertence para efectos administrativos, que será o que apareza no catálogo baixo o epígrafe OC), a persoa orientadora realizará o seu traballo nos **centros compartidos** cun reparto do seu horario, recursos, etc. proporcional ao número de unidades de cada un destes centros.

Así mesmo, contemplará no seu plan de orientación a realidade educativa e orientadora dos centros compartidos e a axeitada atención aos posibles centros adscritos.



Este concepto de orientación compartida implica o establecemento dunha serie de criterios que os equipos directivos deben ter en conta á hora de establecer os seus plans de orientación pedagóxica, reunións de equipos docentes ou sesións de avaliación. É absolutamente necesaria a coordinación dos centros implicados co fin de evitar a simultaneidade de reunións ou a imposibilidade horaria, do mesmo xeito que o xefe/a do departamento debe organizar o seu traballo para prestar a debida atención a cada un dos centros que teña asignados.

Cada un dos centros que comparten orientador contarán cun espazo físico, dotado de equipamento mobiliario e tecnolóxico de iguais características que os departamentos de orientación únicos.

Terceira.- Liñas prioritarias de actuación

Sen prexuízo das funcións establecidas na lexislación vixente para os respectivos servizos de orientación desta Comunidade, así como do establecido nos proxectos educativos dos centros para permitir a necesaria adecuación aos diferentes contextos, durante o curso escolar 2007-2008 os departamentos de orientación e os equipos de orientación específicos priorizarán accións que se enmarquen dentro das seguintes liñas que serán, unha vez adaptadas aos seus respectivos ámbitos de actuación, o referente para o deseño dos seus respectivos plans anuais:

1. Actuacións referidas á actualización e elaboración dos distintos documentos que integran o Proxecto Educativo do Centro, que haberá que comezar a elaborar no curso obxecto da presente circular e que se completarán coa implantación total da etapa correspondente, conforme se vaia concretando nas ordes que desenvolvan os diferentes decretos de currículo:
 - Asesoramento e colaboración, no ámbito das súas competencias, na elaboración do proxecto educativo.
2. Con respecto ao resto das actuacións propias da orientación educativa, contempladas na Orde do 24 de xullo de 1998, seguen vixentes as instrucións da Circular 17/2006, do seguinte xeito:



- a. Actuacións en relación á **promoción da convivencia e á resolución pacífica de conflitos** no marco dunha escola plural: colaboración na diagnose inicial do estado da convivencia no centro, no posterior deseño do plan de mellora e no desenvolvemento das accións oportunas.
- b. Actuacións que teñan como eixe nuclear o **plan de acción tutorial**: asesoramento, colaboración e incorporación de contidos relacionados coa aprendizaxe emocional, a dinámica de grupos e a igualdade real entre homes e mulleres
- c. Actuacións que teñan como obxecto a **atención a toda a diversidade** presente nos centros educativos:
 - Identificación temperá de necesidades.
 - Revisión e/ou modificación das medidas de apoio e/ou reforzo que estea a recibir o alumnado para avanzar na prevención dos problemas de aprendizaxe e na loita contra o fracaso escolar.
 - Establecemento de canles de coordinación entre orientadoras e orientadores dos centros de primaria e secundaria dunha mesma zona, de modo que se facilite o tránsito do alumnado entre etapas educativas.
- d. Proposta de actuacións que promovan unha maior **participación e implicación das familias** na vida do centro e na educación das súas fillas e fillos.
- e. Actuacións concretas referentes á orientación vocacional e profesional:
 - Actuacións que fomenten a **igualdade no acceso á formación profesional**, mediante: accións específicas encamiñadas a reducir calquera tipo de desigualdade (de xénero, residencia, orixe...) e accións de colaboración co ámbito laboral.
 - Actuacións relacionadas co **fomento da cultura emprendedora e o autoemprego**: a través de accións transversais nos diferentes módulos



e a participación en campañas, concursos, proxectos empresariais e talleres de formación para o fomento do autoemprego.

- Actuacións en relación á etapa de **transición da formación ao mundo laboral** ou viceversa: atención preferente ao alumnado nestas circunstancias, así como persoas adultas que volven ao sistema educativo, e colaboración no seguimento da inserción laboral do alumnado que finaliza ensinanzas de formación profesional inicial.
- f. Proposta de medidas encamiñadas a **diminuír o absentismo escolar e o abandono temperán dos estudos.**
- g. Actuacións relacionadas co **asesoramento ás persoas adultas** sobre as diferentes oportunidades de aprendizaxe, incidindo principalmente nos seguintes colectivos:
- Menores de idade que non conseguiron a titulación básica e seguen ensinanzas para a obtención do graduado en educación secundaria obrigatoria.
 - Mocidade menor de idade que segue programas de garantía social e que busca a inserción no mundo laboral.
 - Mocidade maior de idade e persoas adultas, sen o título básico, e que teñen como obxectivo a obtención do graduado en educación secundaria obrigatoria para mellorar a súa empregabilidade.
 - Persoas adultas de idade media e avanzada, maioritariamente mulleres, que precisan formación básica, sexa alfabetización, niveis equivalentes á educación primaria, ou formación non regrada.
 - Persoas inmigrantes que demandan a aprendizaxe das linguas galega e castelá como medio de integración social e laboral.
 - Persoas adultas que desexan recoñecer as competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou doutras vías formais e non formais de aprendizaxe.
- h. Asesoramento xeral de saídas profesionais e elección vocacional.



Os equipos de orientación específicos e os departamentos de orientación adaptarán para os seus respectivos ámbitos de actuación as liñas prioritarias anteriores, que serán o referente para o deseño dos seus respectivos plans anuais.

Cuarta.- Equipos de orientación específicos

Os equipos de orientación específicos, debido á súa singularidade e á súa alta cualificación técnica, complementan os servizos de orientación co asesoramento externo aos centros educativos. Polo tanto, sen prexuízo das funcións enumeradas anteriormente, estes equipos deberán:

1. Asesorar os centros educativos a través dos departamentos de orientación, dos equipos directivos e dos equipos docentes; prestando apoio e materiais específicos para poñer en práctica as respostas educativas do alumnado, especialmente daquel con necesidades específicas de apoio educativo, e elaborando propostas para a detección temperá de necesidades.
2. Participar en todas as accións para as que a Administración os solicite, que estean relacionadas coa súa actividade e dentro do ámbito das súas funcións.
3. Incidir no fomento da colaboración interinstitucional e na coordinación das actuacións derivadas da relación entre as diversas instancias que interveñen na atención dun mesmo alumno ou alumna, contando coa colaboración do profesorado de formación e orientación laboral.

Quinta.- Avaliación e memoria final

1. A valoración global das accións realizadas reflectirase nunha memoria final. Os departamentos de orientación remitirán aos centros que teñan adscritos, cando menos, as partes da memoria anual que lles afecten.
2. Na memoria anual dos equipos de orientación específicos incluírase, ademais, un resumo global no que se recollerán os datos referidos ao tipo de intervencións realizadas.



Sexta.- Referencias lexislativas que inciden directa ou indirectamente no desempeño da función orientadora

1. Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. LOE (BOE do 4 de maio).
2. Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da LOE (BOE do 14 de xullo).
3. Decreto 99/2006, do 15 de xuño, polo que se regula a planificación, estrutura, organización e funcionamento da formación permanente do profesorado dos centros da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos (DOG do 19/06/2006).
4. Decreto 30/2007, do 15 de marzo, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na LOE (DOG do 16/03/07).
5. Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar (DOG do 08/05/2007).
6. Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 09/07/2007).
7. Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo (DOG do 29/06/2007).
8. Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 13/07/2007).
9. Orde do 17 de marzo de 2007 pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos. (DOG do 19/03/07) Corrección de erros (DOG do 04/04/07).
10. Resolución do 30 de marzo de 2007 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o artigo 34 da Orde do 17 de marzo de 2007 pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado no



segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos. (DOG do 12/04/07).

11. Orde do 9 de abril de 2007 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2007/2008 nos centros sostidos con fondos públicos. (DOG do 16/04/07).
12. Orde do 6 de xullo de 2007 pola que se establece o número de unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nos niveis de educación infantil, primaria e educación especial. (DOG do 26/07/07).
13. Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes. (DOG do 24/07/07).
14. Orde do 30 de xullo de 2007 pola que se regulan os programas de diversificación curricular na ESO (DOG do 21/08/07).
15. Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 12/09/07).
16. Informacións remitidas aos centros educativos para o comezo do desenvolvemento da LOE.
17. Instrucións comezo de curso 2007-2008.
18. Documentación das Xornadas do novo marco normativo da Formación profesional.
19. Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional (BOE do 20/06/02).
20. Real Decreto 1538/2006, do 15 de decembro, polo que se establece a ordenación da formación profesional no ámbito do sistema educativo (BOE do 03/01/07).
21. Real Decreto regulador do procedemento de recoñecemento, avaliación, acreditación e rexistro de cualificacións profesionais e reais decretos dos novos títulos de FP baseados no CNCP (próxima publicación).
22. Orde do 30 de xaneiro de 2007 pola que se modifica a do 1 de abril de 2002, pola que se regulan as probas de acceso aos ciclos formativos de formación profesional específica (DOG do 15/07/07).



23. Orde do 28 de febreiro de 2007 pola que se regula o módulo de formación en centros de traballo da formación profesional inicial, para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 08/03/07).
24. Orde do 23 de abril de 2007 pola que se regulan o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional, en réxime ordinario e para as persoas adultas, e as probas libres para a obtención dos títulos de técnico e técnico superior (DOG do 07/05/07).
25. Orde do 28 de maio de 2007 pola que se actualiza a oferta de ciclos formativos polo réxime ordinario, por curso completo en modalidade presencial, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 14/06/07).
26. Orde do 29 de maio de 2007 pola que se actualiza a oferta de ciclos formativos polo réxime de persoas adultas, en modalidade presencial, de ciclos formativos de formación profesional en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2007-2008 (DOG do 26/06/07).
27. Orde do 5 de xuño de 2007 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas (DOG do 15/06/07).
28. Orde do 26 de xuño de 2007 pola que se autorizan as ensinanzas de educación para persoas adultas en centros de educación e promoción de adultos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria con sede en institucións penitenciarias. (DOG do 26/07/07).
29. Orde do 30 de xullo de 2007 pola que se regulan a avaliación e acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas da formación profesional inicial (DOG do 09/08/07).
30. Resolución do 15 de xaneiro de 2007, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se convocan probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de formación profesional específica así como de acreditación de unidades de competencia (DOG do 29/01/07).



31. Resolución do 21 de febreiro de 2007, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula o desenvolvemento dos programas de garantía social en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2007-2008 (DOG do 19/03/07).
32. Resolución do 12 de xuño de 2007 pola que se determinan os prazos e se ditan instrucións no procedemento de admisión do alumnado nos centros con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas para o curso académico 2007-2008 (DOG do 18/06/07).
33. Resolución de 12 de xuño de 2007, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se autorizan os programas de garantía social en centros públicos para o curso 2007-2008 (DOG do 10/07/07).
34. Resolución de 31 de xullo de 2007, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional inicial no curso 2007/08 (DOG do 09/08/07).

Sétima.- Referencias de páxinas web fundamentais para acción orientadora:

1. <http://www.edu.xunta.es/portal/index.html> En profesorado / sección atención á diversidade, en programas e en actualidade, entre outras.
2. <http://www.edu.xunta.es/fp> Normativa, convocatorias, oferta e toda a información referida ás ensinanzas de formación profesional.
3. <http://www.edu.xunta.es/ea> Normativa e características referidas ás ensinanzas especiais e de adultos e toda a información de:
 - a. *Educación de adultos*
 - b. *Ensinanzas artísticas*
 - c. *Ensinanzas deportivas*
 - d. *Ensinanzas de idiomas*
 - e. *Programas europeos e internacionais*



4. <http://www.edu.xunta.es/portal/web/tematicos.jsp> Ligazóns a contidos educativos (recursos), plan valora, polo monte, plan galego de convivencia escolar, boletíns informativos, bibliotecas galegas, Xornal Educativo, Mupega, sug, rede de centros bilingües e Revista Galega do Ensino.
5. <http://www.edu.xunta.es/contidos/portal/php/diversidade.php> Recursos para atención á diversidade

Santiago de Compostela, 02 de outubro de 2007

A Directora Xeral de Ordenación e
Innovación Educativa



José Pérez Mariño

O Director Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais



Antonio Vázquez Vázquez